

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

**ASUNTO: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE  
ATENCIÓN TELEFÓNICA OS CIDADÁNS  
010 NO CONCELLO DE LUGO**

---

Sendo as 13:30 horas do día 14 de febreiro de 2011, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma Sra Tenenta de Alcalde e Concelleira delegada da área de economía e emprego, dona Sonia Méndez García, actuando como vocais dona Luisa María Zarzuela González, Concelleira da Área de Servizos Xerais, dona Alicia Peña Murias, polo Grupo Municipal do Partido Popular, don Xosé Chorén Vázquez, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, dona Elba Anido en substitución do interventor xeral do Concello, dona Ana I. Sáez Mancebo, letrada asesora e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello.

Comparecen a este acto :

- Don Angel Piñeiro, como representante da empresa BALIDEA
- Don José Garrido, dona María Oreiro e dona Begoña Cideres, como representantes da empresa GSS
- Don Ramón Ferreiro, como representantes da empresa EULEN

Abre a sesión a Sra Presidenta e procédese por parte do Sr Secretario á lectura do informe técnico da área de Servizos Xerais, procedéndose a continuación á apertura da oferta económica (sobre B) co seguinte resultado:

- GLOBAL SOLAS SOLUTIONS LINE ATLÁNTICO, S.L:
  - . prezo/hora do contrato: 15.80 € iva incluído
  - . Número persoas para a execución do contrato a maiores dos mínimos sinalados no prego de condicións técnicas: 1 (15 h./semana)
  - . Número accións formativas : 10 , que supoñen un total de 230 horas anuais de formación

- BALIDEA:

**CONTRATACION**

MLA/rdi

Ref: 010

Asunto: acta apertura OFERTA ECONOMICA

. prezo/hora do contrato: 13.22 €, iva incluído  
. Número persoas para a execución do contrato a maiores dos mínimos sinalados no prego de condicións técnicas: 2  
. Número accións formativas : 15, que supoñen un total de 240 horas anuais de formación

- COBRA SERVICIOS AUXILIARES, S.A.:

. prezo/hora do contrato: 15.48 €, iva incluído  
. Número persoas para a execución do contrato a maiores dos mínimos sinalados no prego de condicións técnicas: 1  
. Número accións formativas : 10, que supoñen un total de 80 horas anuais de formación

EULEN, S.A.:

-. prezo/hora do contrato: 14.93 €, iva incluído  
. Número persoas para a execución do contrato a maiores dos mínimos sinalados no prego de condicións técnicas: 1 ( 8 horas/semana)  
. Número accións formativas : 5, que supoñen un total de 350 horas anuais de formación

Os Membros da Mesa aprecian que á oferta presentada pola licitadora BALIDEA está incurso en baixa temeraria, polo que se acorda que antes de puntuar ás ofertas económicas e de realizar a correspondente porposta de adxudicación se lle conceda un prazo de DEZ DIAS hábiles á licitadora BALIDEA para que xustifique baixa temeraria

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 14:00 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA ,

O SECRETARIO

Asdo.: Sonia Méndez García

Asdo.: Manuel Louzao Aldariz